

BASES VI CONCURSO LITERARIO MARIA ASSUMPTA

Promovido pola Biblioteca Escolar en colaboración coa ANPA

1. Poderán participar o alumnado do Colexio Maria Assumpta, dende 3º de Educación Primaria, Secundaria e Ciclos formativos.
2. Cada participante poderá entregar un só traballo.
3. Serán historias inventadas en **FORMATO CÓMIC**.
4. Valoraranse as portadas dos traballos, a ortografía e a presentación dos mesmos.
5. Os traballos terán unha extensión máxima de 5 páxinas máis a portada, serán entregados en papel e deben ser escritos e debuxados a man. Os traballos deberán entregarse aos titores de cada curso e o titor debe deixalos na aula, a responsable da biblioteca escolar pasará a recollelos ata o día 5 de marzo.
6. Para garantir o anonimato, os traballos deben ir asinados cun pseudónimo e un sobre pechado adxunto, no cal figure por fóra do sobre o pseudónimo e dentro o nome, apelidos e curso.
7. As historias deben ser completamente orixinais e ser creadas polo alumnado. Non poden ter sido escritas con anterioridade e serán creadas para o propio concurso.
8. O prazo de entrega comeza o 5 de febreiro e remata o 5 de marzo.
9. En caso de empate entre dous traballos terase en conta o alumno ou alumna de menor curso. En caso de empate de alumnado dun mesmo nivel terase en conta o traballo que teña maior puntuación da ANPA.
10. O xurado estará formado por:
 - Membros do Equipo de Biblioteca
 - Membros do ANPA
11. O fallo do xurado será inapelable e comunicarse o día 23 de abril, coincidindo coa celebración do día do Libro.
12. Non se devolverán os traballos. Os autores dan permiso para a publicación das obras ao Colexio Maria Assumpta – Fundación Educativa Jesuitinas.
13. Os premios serán individuais, divididos en tres categorías e constarán de:

	3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria	1º, 2º, 3º e 4º ESO CICLOS FORMATIVOS
1º PREMIO	Auriculares inalámbricos + altavoz bluetooth + cargador inalámbrico + botella termo + pack de 2 entradas cine e 1 menú + lote de libros.	Auriculares inalámbricos + altavoz bluetooth + cargador inalámbrico + botella termo + pack de 2 entradas cine e 1 menú + lote de libros.
2º PREMIO	Altavoz bluetooth inalámbrico+ cargador inalámbrico + botella termo + lote de libros.	Altavoz bluetooth inalámbrico+ cargador inalámbrico + botella termo + lote de libros.
3º PREMIO	Altavoz bluetooth inalámbrico + lote de libros.	Altavoz bluetooth inalámbrico + lote de libros.

14. Calquera eventualidade que poida xurdir será resolta polos membros do Equipo de Biblioteca e ANPA.
15. A participación no concurso supón a aceptación destas bases.